

O exame consta de cinco preguntas obrigatorias, a partir da lectura do seguinte **texto**:

A procura de remedios para paliar as enfermidades é unha das actividades máis antigas do ser humano. Ao longo da historia tense avanzado moito desde os primeiros remedios, máis ou menos rudimentarios, baseados en plantas, animais ou minerais, ata os medicamentos de orixe biolóxica e biotecnoloxía que están dispoñibles hoxe en día. Na actualidade, os medicamentos cóntanse entre os bens e produtos máis demandados polo ser humano e o seu consumo crece exponencialmente coa idade. Considérase que nos países desenvolvidos cada persoa consome como media 50.000 unidades de medicamentos, o que equivale a 2 unidades diarias.

Os medicamentos desempeñan un papel tan destacado na vida do ser humano que, como afirma ironicamente o divulgador Thomas Hager, talvez non sería desatinado cambiar o nome da nosa especie polo de *Homo pharmacus*, é dicir, a especie que fabrica e consome medicamentos ou, de maneira máis xeral, produtos farmacéuticos.

A elevada demanda de medicamentos supón que a industria farmacéutica teña que producilos en cantidades masivas. Para dar resposta a esta necesidade, a estratexia tradicional é escoller fármacos (moléculas terapeuticamente activas) válidos para un amplo número de pacientes e preparar un ou dous tipos de medicamentos (cápsulas, comprimidos, inxectables...) cun número reducido de doses (cantidade de fármaco por unidade) distintas. Esta produción en serie baséase nun enfoque que, levado ao extremo, pódese plasmar na frase “un talle sèrvelle a todos”. Aínda que para un número importante de tratamentos esta estratexia é válida, desde hai anos sábese que non é o ideal para abordar certas enfermidades.

Cada persoa ten unhas características xenéticas diferentes, o que fai que poida responder a un tratamento de maneira distinta a como o fan outros pacientes. Ademais, enfermidades similares poden ter distinta orixe ou manifestarse de distinto xeito en cada doente (...) Isto obriga a deseñar medicamentos con fármacos e con doses que cubran os distintos “talles” que precisa a poboación.

Carmen Álvarez Lorenzo, “Medicamentos personalizados”,
Grial, 246, abril-maio-xuño de 2025

PREGUNTA 1. Indique cal é o tema central e as ideas principais do texto e xustifique a súa resposta (máximo 150 palabras). Propoña un novo título para o artigo (**2 puntos**).

PREGUNTA 2. Explique o significado que teñen as seguintes palabras: *paliar*, *rudimentario*, *desatinado*, *inxectables*, *plasmar* (**1 punto**).

PREGUNTA 3. Escriba o plural destas palabras: *papel*, *divulgador*, *ideal*, *poboación* (**1 punto**).

PREGUNTA 4. No texto emprégase a forma verbal *consome*, pertencente ao verbo *consumir*: conxugue o presente de indicativo doutros dous verbos (non é preciso que aparezan no texto) que sigan o mesmo paradigma de alternancia vocálica (**2 puntos**).

PREGUNTA 5. Escriba un comentario crítico (arredor de 200 palabras) sobre a temática do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión que nel defende a autora (**4 puntos**).